

CENSO GALEGO DE GAIVOTAS E CARRÁNS INVERNO 2008-2009



Hai 25 anos, na primeira quincena do ano 1984, cerca de 300 ornitólogos ibéricos convocados polo GIAM, SEO e CODA (España) e o CEMPA (Portugal) saían a percorrer as costas ibéricas e algunhas localidades do interior para censar gaivotas e carráns; os resultados expuxéronse na III Reunión do GIAM en Perlora (Asturias, outubro de 1986) e publicáronse as súas actas no Volume 4 de *Asturnatura* (1985) e no Volume 33 de *Ardeola* (1986). Neste censo participaron preto de 100 ornitólogos galegos.

Neste mes de xaneiro vólvese a convocar un censo nacional de gaivotas por parte de SEO/BirdLife, sendo apoiado polo GIAM, e aquí en Galicia, organizado pola SGO. Con este censo poderanse coñecer as poboacións actuais invernantes en Galicia e os seus datos será moi útiles para elaborar estudos específicos a nivel galego e para confeccionar o "Atlas das aves invernantes en España". As instrucións e as fichas pódense atopar na web da SEO neste enderezo: http://www.seo.org/programa_seccion_ficha.cfm?idPrograma=3&idArticulo=3091

Pódese ver nel que a data central será o fin de semana do 24-25 de xaneiro, aínda que serán válidas a semana anterior e posterior.

A ficha indica dous métodos de censo: 1º Censos de durmidoiros e 2º percorridos costeiros.

Como recomendación, xa que en Galicia existe unha grande poboación invernante de láridos que se concentran a durmir e descansar nas mesmas praias, portos, bateas e illas, o domingo pode ser un bo día para censar estes bandos, pois, se non as molestan, moitas de elas van pasar todo o día descansando (non hai actividade pesqueira). Pero tamén hai que ter en conta que se é un "bo día" podemos ter molestias ao censar, causadas polo "domingueiros das praias" (paseantes, cans, nenos, windsurfistas,...). É, asimesmo, moi importante informarse do estado da marea: <http://www.meteogalicia.es/galego/prediccion/maritima/marea/marea.asp>

Este censo realizarase de forma paralela (se ben un fin de semana máis tarde) ao "Censo de aves acuáticas invernantes" da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, que tamén rexistra as poboacións de láridos e carráns do país nesta data. A idea é que os dous censos se complementen coa finalidade anteriormente mencionada. Neste sentido, o censo que coordina a SGO ten como obxectivo máis específico aquelas especies que pasan máis desapercibidas en censos destinados a contar todas as aves acuáticas, é dicir:

- Gaivota cabecinegra *L. melanocephalus* (poden pasar desapercibidas en grupos de *L. ridibundus*).
- Gaivota cana *L. canus*, gaivota de Delaware *L. delawarensis* e algunha das pequenas gaivotas accidentais.
- Grandes gaivotas como a polar *L. glaucooides*, a hiperbórea *L. hyperboreus*, e a gaivota arxéntea e as súas razas.
- Inmaturas de gaivotas patiamarela (*L. michahellis*) e escura (*L. fuscus*).

Serán moi importantes os eventuais datos das lecturas das anelas de cor que porten as gaivotas. Tamén o número de carráns, en especial os de carrán cristado *Sterna sandvicensis*.

Os resultados do censo de gaivotas de Galicia serán publicados n'"A Carriza" e uniranse aos das demais autonomías para ser editados nunha monografía por para de SEO/BirdLife; tamén se incluírán os resultados no "Atlas das aves invernantes de España".

Os interesados en realizar este censo poden poñerse en contacto con: Andrés Bermejo Díaz de Rábago abermejo(arroba)arrakis.es (676518572)

Os coordinadores provinciais do "Atlas das aves invernantes de España" en Galicia son:

A Coruña: Miguel Conde Teira condeteira(arroba)hotmail.com (67680033)

Lugo: Xabier Vázquez Pumariño xaviervp(arroba)gmail.com (607143244)

Ourense: Martiño Otero Cabana mcohyla(arroba)yahoo.es (630948293)

Pontevedra: Cosme Damián Romai Cousido cdromai(arroba)gmail.com (62702911).